

CELEBRACIÓN EN OS COTOS

18-19 de outubro do 2025

XXIX SEMANA DO TEMPO ORDINARIO C



Os COTOS COA IGUALDADE VERDADEIRA DAS PERSOAS,
COS POBOS QUE SOFREN INXUSTIZA E ABANDONO,
COS REFUXIADOS E MARXINADOS DA SOCIEDADE,
COA NATUREZA MALTRATADA,
E SEMPRE SEMENTANDO PAZ



1.- ENCONTRO DA COMUNIDADE

(tod@s de pé)

@ monitor/a está na sé

SAÚDO DE BENVIDA

🎵 n° 4 *Amigos nas penas*

Celebrante:

Benvidos sexamos todos a esta celebración. Reunímonos para compartir en comunidade a nosa fe no nome do Pai, do Fillo e do Espírito Santo.

Ao botarlle unha ollada ao que pasa no mundo de hoxe é fácil desanimarse. É inxusto o que lle está pasando a moitas persoas, é inxusto polo que están pasando moitos pobos, é inxusto o trato que se lle está dando á natureza. É evidente que son demasiadas inxustizas, e parece que a Deus non lle importa a nosa vida e o que nos pasa.

Xesús conta unha parábola para cando pensamos así. É a que escoitaremos no evanxeo de hoxe. Trata dunha viúva que pedía xustiza e o xuíz non lle facía caso.

Ela teimaba unha e outra vez. Confiaba sen renderse, sen botarse atrás. E iso, a súa confianza e insistencia, foi o que fixo que fose tratada con xustiza.

Nós confiamos en Deus porque el fai e fará xustiza aínda que a nós nos custe crelo. Aquela viúva do evanxeo merecía xustiza e acadouna, como tamén confiamos en que a acadarán en Deus todos os homes e mulleres que hoxe son inxustamente tratados.

ACTO PENITENCIAL

Celebrante: *Confiados ás mans de Deus e mirando para as nosas vidas dámonos conta de que temos moito no que mellorar. Está claro que merecemos xustiza, pero tamén temos a responsabilidade de tratar aos demais con xustiza. Por isto mesmo pedimos perdón:*

Monitor/a

✓ Perdón Señor polas veces que co noso xeito de vivir non somos merecentes de confianza. Falamos moito dos nosos dereitos pero escoitamos moi pouco das nosas responsabilidades. Señor, confiamos en Ti

✓ Perdón Señor polas veces que non escoitamos as voces de tantas persoas necesitadas de ser tratadas con xustiza. Falamos moito de tolerancia pero facemos demasiadas diferenzas. Cristo, confiamos en Ti

✓ Perdón Señor polas veces que nos rendemos e nos botamos atrás no camiño da vida, deixando de confiar. Reclamamos moito a xustiza que non nos dan pero esquecemos a que deberíamos dar. Señor, confiamos en Ti

Celebrante: *Deus, Pai agarimoso, ten piedade de nós, dos que teñen un lugar nos nosos corazóns e nas nosas vidas. A todos nos concede o perdón dos pecados e por Cristo Resucitado nos encamiña cara á vida eterna. Amén.*

ORACIÓN PROPIA DO DÍA

Celebrante: *Rematamos a primeira parte da celebración presentándolle a Deus no silencio o que rebule no noso interior. Pousamos tamén nas súas mans de Pai a nosa esperanza de que se refagan camiños de vida e paz para con todas as persoas e pobos inxustamente tratados.*

(Silenzo)

Celebrante:

Deus, noso Pai, concédenos a graza de sermos sempre xenerosos contigo e fai que te sirvamos de todo corazón nos nosos irmáns, pois neles faste presente Ti no medio de nós.

Pedímoscho por Xesucristo, que vive e reina por sempre eternamente. Amén

2.- PROCLAMACIÓN DA PALABRA DE DEUS

(sentad@s) a palabra de Deus proclámase dende o ambón

Celebrante: *Paulo aconséllanos na carta que hoxe lemos e que lle escribe a Timoteo. Pídenos que insistamos, que corrixamos, que enmendemos. Neste camiño andamos.*

Na parábola do evanxeo de hoxe Xesús achéganos a unha muller que loita pola xustiza sen renderse, sen botarse atrás. A súa insistencia acadoulle o froito de ser tratada dignamente. Nós, que xustiza queremos?.

PROCLAMACIÓN DA PALABRA RECOLLIDA NA SEGUNDA CARTA DE SAN PAULO A TIMOTEO

Benquerido irmán:

Mantente no que aprendiches e no que criches, e que non che esqueza quen cho aprendeu. Porque xa desde neno coñeces as letras santas, que son podentes para che facer saber o camiño da salvación pola fe en Cristo Xesús.

Toda a Escritura está inspirada por Deus e é útil para ensinar, para corrixir, para enmendar, para educar na xustiza. Dese xeito, o home de Deus tórnase perfecto e competente para toda obra boa.

E pídoche por favor unha cousa diante de Deus e de Cristo Xesús, que ha vir xulgar a vivos e mortos, pola súa vinda gloriosa e polo seu reinado: pregoa a palabra, insiste a tempo e a destempo, corrixe, reprende, aconsella con toda a paciencia que require a doutrina.

Palabra do Señor

♪ n° 41 *Quen nos vai separar de Ti* SALMO



PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO LUCAS

Daquela, Xesús propúxolles aos seus discípulos unha parábola acerca da necesidade de orar sempre, sen cansar:

- Había nunha vila un xuíz que nin temía a Deus nin respectaba o home. Na mesma vila había tamén unha viúva, que acudía a el dicíndolle: "Faime xustiza fronte ao meu contrario". El durante moito tempo non lle fixo caso ningún; pero despois cavilou: "Anque non temo a Deus nin respecto o home, como esta viúva me está amolando, voulle facer xustiza, para que non me siga toleando toda a vida".

E o Señor continuou:

- Escoitade o que di un xuíz inxusto. E logo Deus non lles vai facer xustiza aos seus elixidos, que claman día e noite, e non vai ter paciencia con eles? Asegúrovos que lles fará xustiza a tempo. Pero cando chegue o Fillo do Home, el atopará fe sobre a terra?.

Palabra do Señor

(sentad@s) gardamos uns instantes de silencio para acoller a palabra no corazón



Temos que ser viúvas, porque son moitas as cousas nas que non hai que deixar de insistir:

- * hai que insistir nos camiños da paz
- * hai que insistir en que as xentes do rural merecemos vivir con calidade e dignidade aínda sendo poucos
- * hai que insistir en que na igrexa temos que dar mellor exemplo, temos que condenar os abusos, temos que fuxir das rutinas e costumes
- * hai que insistir nunha mellor atención e coidado da terra e da natureza
- * hai que insistir e non perder a esperanza aínda que as cousas do noso mundo deixan moito que desexar
- * hai que insistir, volver insistir, e nunca deixar de insistir.

PROFESIÓN DA FE

***Celebrante** Despois de escoitar a Xesús no Evanxeo, queremos, Señor, compartir a fe e queremos comprometer nos camiños da xustiza.*

*♪ **Creo, Señor, pero aumenta a miña fe***

Monitor/a:

Cremos en Deus,

o Pai que que ama a todos e que desexa de nós persoas nas que vala a pena confiar?

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

Cremos en Xesús Cristo, noso irmán,

que nos convida a compartir á súa beira e que desexa de nós palabras e feitos que amosen un corazón confiado e xusto?

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

Cremos no Espírito Santo,

que nos alenta a non calar nin esquecer a vida de tantas persoas que malviven sentíndose inxustamente tratadas?

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

Cremos na Igrexa,

comunidade que facemos entre todos, e que só resulta crible cando escoita as voces que esperan refuxio, que esperan paz, que esperan XUSTIZA?

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

ORACIÓN UNIVERSAL

Celebrante: *Fiándonos de Xesús, ergamos a nosa voz ao Pai deixando que o corazón fale dos mellores desexos para nós, para os Cotos e para toda a humanidade, dicindo:*

Señor, confiámonos a Ti

Monitor/a

- ✓ Para sermos unha Igrexa de escoita, na que ninguén se sinta silenciado, marxinado ou inxustamente tratado, oremos
- ✓ Para sermos unha comunidade na que deamos testemuño de fraternidade, sen rendernos ante os atrancos da vida, respectando en todo momento a quen pensa, vive, ou cre diferente, oremos
- ✓ Para sermos unha sociedade valente na xustiza, que non cale ante as desigualdades e diferenzas que aínda se viven no trato coa muller, cos maiores, co rural, oremos
- ✓ Para sermos unha familia capaz de manernos nos camiños da paz, insistindo na nosa desconformidade coa violencia e cos abusos, oremos

Celebrante: *Grazas Señor polos homes e mulleres que son valentes para non calar ante as inxustizas nas que moitas persoas se ven obrigadas a vivir e a sufrir. Por Cristo o noso Señor. Amén*

3.- OS SIGNOS DA COMUNIÓN CON DEUS E COA COMUNIDADE

NOSO PAI

Celebrante: *Rezamos agora a oración de Xesús, a oración de irmáns, a oración agradecida e confiada ao Deus Pai que sempre nos agasalla na vida. Insistimos en rezarlle como Xesús nos aprendeu:*

NOSO PAI ...



SIGNO DA PAZ

Celebrante: *A fe, ou é signo de confianza, ou queda reducida a ritos baleiros. A fe, ou é loita pola xustiza, ou queda morta nas palabras.*

Fe, xustiza e paz camiñan polo mesmo carreiro. Está nas nosas mans facelo mellor.

♪ **nº 38** *Que medre a paz na nosa terra*

COMUÑÓN

Celebrante: *Esta mesa de parroquia, este altar é signo do compartir na vida. Participar hoxe é comprometerse para medrar no camiño da fe, porque seguir a Xesús esixe facer na nosa vida o evanxeo, e hoxe presentamos o berro de xustiza de xentes e pobos aos que ninguén quere escoitar. Ditosos nós, convidados a compartir así este pan do Señor.*

Señor, eu non son merecente de que entres no meu fogar, mais unha palabra túa abonda para me salvar

🎵 **nº 53** *Onda Ti noso Pai neste día*

4.- AVISOS E DESPEDIDA

ORACIÓN FINAL

Celebrante:

Señor, que a participación nesta celebración nos axude a medrar contigo e cos demais.

Que nos acade os teus beneficios nesta vida e confirme a nosa esperanza nos bens eternos.

Que os nosos feitos nos fagan merecentes da xustiza que moitas persoas e pobos esperan de nós.

Pedímoscho a Ti que vives e reinas por sempre eternamente. Amén

Xesús convídanos a que nos fíemos de Deus, porque El confía en nós, nas nosas palabras e nos nosos feitos.

Que as palabras coas que hoxe temos rezado nos sigan dando azos para vivir dende a tolerancia e o respecto con quen pensa, vive ou cree diferente.

Non deamos as costas ás persoas e pobos que perden a esperanza cando só procuran xustiza.



**FACER XUSTIZA
TAMÉN É
TAREFA NOSA**

*“Como esta viúva me está amolando,
voulle facer xustiza,
para que non me siga toleando toda a vida”*

Palabras de Xesús no evanxeo de hoxe

Avísase das misas (ver folla do mes)

*Que teñamos un bo día, unha boa semana
e o Señor nos bendiga, † nos garde de todo mal
e nos leve ao seu fogar de vida eterna. Amén
Podémonos ir en paz. Dámoslle grazas a Deus*